



CIRCULAR 43-2020.

XI CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA E DAS CATEGORÍAS SUB18, SUB20, SUB23 E MÁSTER

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- O vindeiro xoves día 19 de marzo celébrase en As Pontes, nun circuíto urbano e homologado pola RFEA o XI Campionato de Galicia Absoluto en ruta de 5 km, e das categorías Sub18, Sub20, Sub23 e Máster. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo e o Concello de As Pontes.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
 3. Atletas non galegos/as convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo da Asemblea os atletas estranxeiros da categoría sub20 en adiante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes de marzo do 2019.** Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrírase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.4).- A saída terá lugar ás 10:30 h na Rúa Juan Antonio Suanzes (diante da Xefatura de Policía).

Art.5).- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías Sub18, Sub20, Sub23 e de todas as categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7).- Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta entre as 10:00 h. e as 10:15 h.. Unha vez rematado



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificados. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.

Art.8).- A organización establecerá distintos controis polo circuíto para controlar o paso dos participantes.

Art. 9).- O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2020), RFEA e WA

A Coruña, a 9 de marzo de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo